## 1.-INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

Na educación primaria a educación artística é de especial importancia, xa que o tratamento da información visual e musical na vida cotiá xera e precisa de capacidades de pensamento crítico. A educación artística posibilita o desenvolvemento da creatividade, da imaxinación, da autonomía, da percepción, a motricidade, a sensibilidade estética, a expresión persoal, a capacidade comunicativa e a socialización, e todas elas están relacionadas co obxectivo de axudar a filtrar os nosos encontros cos produtos visuais e musicais.

Por outra parte, é de gran relevancia aprenderlle ao alumnado a interpretación e a análise crítica, para facelo consciente de que todas as formas de arte son expresións de ideas, sentimentos, crenzas e actitudes da persoa que, ademais de ser reveladoras da súa identidade, son un axente reconfigurador.

Nesta etapa, a educación musical sitúase nun lugar privilexiado para a transversalidade, para a conexión natural con outras áreas do currículo, colaborando nunha comprensión da realidade e nunha satisfacción maiores. Permite, ademais, achegarse á mirada das demais persoas, á diversidade de maneiras de experimentar o mundo, que se manifestaron e manifestan nos produtos da cultura musical e visual.

Xunto con esta dimensión daráselle importancia á produción de obras e traballos por parte do alumnado, feito no que se centran algúns dos estándares do currículo, xa que entendemos que o seu tratamento competencial só se pode desenvolver tendo como obxectivo que o alumnado sexa protagonista final dos produtos de aprendizaxe.

A educación musical na educación primaria toma como eixos organizadores tres bloques de contidos que se entenderán como un conxunto e desenvolveranse de forma global, tendo en conta as conexións internas tanto no curso como ao longo da etapa.

**Bloque 1: A escoita.**

Procúrase que o alumnado tome conciencia dos sons do seu contorno, así como das posibilidades sonoras dos materiais e dos obxectos do seu contexto. Farase fincapé na audición activa de manifestacións musicais de distintas orixes e no respecto no proceso da audición.

**Bloque 2: A interpretación musical.**

O alumnado é o protagonista en absoluto neste bloque, cuxo obxectivo á a creación de produtos musicais de diferentes estilos, usando diversas técnicas compositivas e con finalidades distintas. Centrámonos tamén en que o alumnado valore o traballo colaborativo, o respecto cara as demais persoas e a avaliación con intención de mellorar.

**Bloque 3: A  música, o movemento e a danza.**

Este bloque está destinado ao desenvolvemento da expresividade e creatividade do alumnado desde o coñecemento e a práctica da danza. Comezaremos pola coordinación motriz e a conciencia do desprazamento no espazo e chegaremos até o nivel de creación de sentimentos co movemento.

## 2.-CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. CONCRECIÓN DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA MATERIA QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS.

COMPETENCIAS CLAVE:

| |
|---|
| a) Comunicación lingüística (CCL). |
| b) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT). |
| c) Competencia dixital (CD). |
| d) Aprender a aprender (CAA). |
| e) Competencias sociais e cívicas (CSC). |
| f) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE). |
| g) Conciencia e expresións culturais (CCEC). |

**2º EDUCACIÓN PRIMARIA:**

| COMPETENCIA CLAVE | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE |
|---|---|
| **CCL** | EMB1.4.2 Emprega vocabulario musical básico adaptado ao seu nivel. |
| **CMCCT** | EMB2.3.4 Le e interpreta con ritmo ladaíñas e cancións ao unísono. |
| **CD** | EMB1. 5.3 Utiliza aplicacións informáticas sinxelas para realizar actividades musicais. |
| **CAA** | EMB1.1.1 Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos, dos animais e da voz. |
| **CSC** | EMB1.2.1 Respecta os tempos de silencio para o bo estudo dos sons e a escoita das audicións. |
| **CSIEE** | |
| **CCEC** | EMB3.1.1 Realiza pequenas coreografías en grupo, adecuando o movemento corporal coa música. |

**4º EDUCACIÓN PRIMARIA:**

| COMPETENCIA CLAVE | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE |
|---|---|
| **CCL** | EMB1.1.2 Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical. |
| **CMCCT** | EMB1.3.3 Identifica, clasifica e completa os compases traballados. |
| **CD** | EMB1.4.3 Busca, organiza e presenta información sobre a música e os instrumentos doutras culturas. |
| **CAA** | EMB2.1.4 Analiza a interpretación e valora o resultado, mostrando interese por mellorar. |
| **CSC** | EMB1.1.3 Coñece, entende e respecta as normas de comportamento en audicións e representacións musicais. |
| **CSIEE** | EMB2.3.2 Constrúe algún instrumento orixinal ou similar a un existente. |
| **CCEC** | EMB3.2.3 Reproduce e goza interpretando danzas tradicionais galegas e de outras culturas. |

**6º EDUCACIÓN PRIMARIA:**

| COMPETENCIA CLAVE | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE |
|---|---|
| **CCL** | EMB1.1.1 Identifica, clasifica e describe as calidades dos sons do contexto natural e social, utilizando un vocabulario preciso. |
| **CMCCT** | |
| **CD** | EMB2.3.2 Presenta e expón a información de forma clara, ordenada e limpa en varios soportes. |

| | |
|---|---|
| **CAA** | EMB2.2.5 Coñece e interpreta cancións de distintos lugares, épocas e estilos e valora a súa contribución ao enriquecemento persoal, social e cultural. |
| **CSC** | EMB2.2.6 Mostra respecto polo traballo dos demais e responsabilidade no traballo individual e colectivo. |
| **CSIEE** | EMB3.3.2 Planifica a coreografía de acordo coa estrutura musical dada. |
| **CCEC** | EMB2.2.4 Interpreta pezas vocais e instrumentais de diferentes épocas, estilos e cultura para distintos agrupamentos con ou sen acompañamento. |

## 3.-OBXECTIVOS.

### 3.1.- OBXECTIVOS XERAIS DA EDUCACIÓN PRIMARIA

No artigo 3 do decreto 105/2014 de 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, establécense os obxectivos da educación primaria.

A Educación Primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e as nenas as capacidades que lles permitan:

a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza nun mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.

d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres, e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.

e) Coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas linguas.

f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas, e desenvolverse en situacións cotiás.

g) Desenvolver as competencias matemáticas claves e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.

h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.

i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e a comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.

j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas, e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.

m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.

n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia ás mulleres e homes que realizaron aportacións importantes á cultura e sociedade galegas.

**4.- CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE.**

| TEMPORALIZACIÓN, PONDERACIÓN E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DOS ESTÁNDARES DO CURSO | | | |
|---|---|---|---|
| **CURSO** | 2022/2023 | | |
| **NIVEL** | 2º PRIMARIA | **ÁREA** | Educación Musical (EM) |

| **Criterio de avaliación** | **Estándares** | **Grao mínimo para superar a área**<br><br>Indicador mínimo de logro | **T 1** | **T 2** | **T 3** | **CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN**<br>**Instrumentos de avaliación /**<br>**Procedementos de avaliación (%)*** | **C.C.** |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Bloque 1: Escoita** | | | | | | | |
| EM-B1.1 | 2º-EMB1.1.1 - Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos, dos animais e da voz.<br><br>Peso: 3% | Explora o seu corpo e os materiais do seu redor de forma guiada e/ou orixinal. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo. | CCEC<br>CAA |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| EM-B1.1 | 2º-EMB1.1.2 - Representa graficamente ou corporalmente estas calidades: son curto, longo, ascendente e descendente, forte, piano, agudo e grave.<br><br>Peso: 3% | Emprega o movemento do corpo e a grafía non convencional para realizar consignas asignadas. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Escala de observación. | CCEC |
| EM-B1.1 | 2º-EMB1.1.3 - Recoñece e discrimina os sons do seu contexto.<br><br>Peso: 3% | Recoñece e discrimina sons do seu contexto máis significativos e traballados. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo. | CCEC |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| EM-B1.1 | 2º-EMB1.1.4 - Utiliza aplicacións informáticas e xogos para a discriminación auditiva das calidades traballadas.<br><br>Peso: 3% | Utiliza xogos en ordeador para a discriminación auditiva de calidades do son básicas. | | | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo. | CCEC CD |
| EM-B1.1 | 2º-EMB1.1.5 - Identifica voces masculinas, femininas e infantís.<br><br>Peso: 3% | Identifica voces masculinas, femininas e infantís de modo elemental. | | | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo. | CCEC |
| EM-B1.2 | 2º-EMB1.2.1 - Respecta os tempos de silencio para o bo estudo dos sons e a escoita das audicións. | Respecta as quendas de silencio nas diferentes actividades | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo (50%). Rexistro anecdótico (anecdotario). (50%) | CSC |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Peso: 4% | | | | | | |
| EM-B1.3 | 2º-EMB1.3.1 - Coñece algunhas persoas compositoras e relaciónaas coas súas obras.<br><br>Peso: 3% | Coñece algunhas persoas compositoras e relaciona algún dato xeral aportado das mesmas. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Asamblea. | CCEC<br>CAA |
| EM-B1.3 | 2º-EMB1.3.2 - Coñece as figuras de compositor/ora, director/ora de orquestra, instrumentista e público, así como as súas funcións, respectando e valorando os seus respectivos traballos. | Coñece as figuras de compositor/ora, director/ora de orquestra, instrumentista e público | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Asamblea. | CSC<br>CCEC<br>CAA |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Peso: 3% | | | | | | |
| EM-B1.4 | 2º-EMB1.4.1 - Representa mediante diferentes técnicas os aspectos básicos dunha audición e os sentimentos que suscitou.<br><br>Peso: 3% | Emprega as diferentes formas de expresión ao seu alcance para expresar as súas percepcións musicais (plástica, corporal, movemento, xestual...) | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Producións motrices (30%). Producións plásticas (30%). Producións musicais(40%) | CCL<br>CCEC |
| EM-B1.4 | 2º-EMB1.4.2 - Emprega vocabulario básico musical adaptado ao seu nivel.<br><br>Peso: 3% | Emprega vocabulario básico musical adaptado ao seu nivel | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Escala de observación. | CCL<br>CCEC |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| EM-B1.4 | 2º-EMB1.4.3 - Coñece e respecta as normas de comportamento básicas en concertos e outras representacións musicais.<br><br>Peso: 5% | Coñece e respecta as normas de comportamento básicas en concertos e outras representacións musicais | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo (50%). Rexistro anecdótico (anecdotario).(50%) | CSC |
| EM-B1.5 | 2º-EMB1.5.1 - Coñece, identifica e representa elementos básicos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son, silencio, agudo, grave, pentagrama (liñas e espazos), clave de sol, branca, negra e parella de corcheas.<br><br>Peso: 3% | Coñece, identifica e representa elementos básicos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son, silencio, agudo, grave, pentagrama (liñas e espazos), clave de sol, branca, negra e parella de corcheas. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Escala de observación. | CCEC<br>CAA |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| EM-B1.5 | 2º-EMB1.5.2 - Utiliza notación non convencional para representar elementos do son.<br><br>Peso: 2% | Utiliza notación non convencional para representar elementos do son | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo. | CCEC |
| EM-B1.5 | 2º-EMB1.5.3 - Utiliza aplicacións informáticas sinxelas para realizar actividades musicais.<br><br>Peso: 2% | Realiza algunha actividade guiada a través das TIC | | | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo. | CCEC CD |
| EM-B1.6 | 2º-EMB1.6.1 - Recoñece e identifica algúns instrumentos, e clasifícaos por familias. | Recoñece e identifica algúns instrumentos, e clasifícaos por familias de xeito elemental | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo. | CCEC |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Peso: 3% | | | | | | |
| **Bloque 2: Interpretación musical** | | | | | | | |
| EM-B2.1 | 2º-EMB2.1.1 - Repite esquemas rítmicos escoitados.<br><br>Peso: 3% | Repite esquemas rítmicos escoitados e adecuados á súa idade e traballados na aula. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Escala de observación. | CMCT CCEC |
| EM-B2.1 | 2º-EMB2.1.2 - Crea pequenos instrumentos con materiais de reciclaxe.<br><br>Peso: 2% | Crea pequenos instrumentos con materiais de reciclaxe de modo guiado. | | X | | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo. | CSC CAA |
| EM-B2.2 | 2º-EMB2.2.1 - Consegue tocar algún fragmento melódico ou | Realiza ritmos elementais con instrumentos da aula en | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. | CCEC CAA |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | rítmico, ou acompañamento sinxelo, coa frauta e dos instrumentos da aula.<br><br>Peso: 3% | diferentes contextos e con diferente finalidade | | | | INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo. | |
| EM-B2.3 | 2º-EMB2.3.1 - Interpreta individualmente ou en grupo un pequeno repertorio de cancións sinxelas.<br><br>Peso: 4% | Interpreta en grupo un pequeno repertorio de cancións sinxelas traballadas na aula. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Escala de observación. | CCEC<br>CSC |
| EM-B2.3 | 2º-EMB2.3.2 - Realiza pequenas improvisacións melódicas sobre algunha base dada. | Improvisa de forma aleatoria e propia como modo de exploración sonora | | | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. | CCEC<br>CAA |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Peso: 3% | | | | | INSTRUMENTOS: Producións musicais. | |
| EM-B2.3 | 2º-EMB2.3.3 - Fai de xeito consciente o proceso da respiración.<br><br>Peso: 3% | Fai de xeito consciente o proceso da respiración | | | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo. | CAA |
| EM-B2.3 | 2º-EMB2.3.4 - Le e interpreta con ritmo ladaíñas e cancións ao unísono.<br><br>Peso: 4% | Interpreta con ritmo cancións ao unísono traballadas na aula | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Escala de observación. | CCEC<br>CAA<br>CMCT |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| EM-B2.4 | 2º-EMB2.4.1 - Acompaña cancións, danzas e textos con fórmulas rítmicas básicas.<br><br>Peso: 3% | Realiza esquema rítmicos elementais para acompañar cancións e danzas | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Escala de observación. | CCEC<br>CMCT |
| EM-B2.4 | 2º-EMB2.4.2 - Identifica a pregunta-resposta con motivos melódicos e rítmicos<br><br>Peso: 3% | Realiza pregunta-resposta axudado de frases da linguaxe oral | | X | | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo. | CCEC |
| EM-B2.4 | 2º-EMB2.4.3 - Le e crea pequenos esquemas rítmico-melódicos con brancas, negras e silencio de negra, | Escribe e le ritmos que empreguen negra, branca, silencio de negra ademais da clave de sol. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática . Análise das producións dos alumnos/as. | CCEC<br>CAA<br>CMCT |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | engadindo a clave de sol.<br><br>Peso: 4% | | | | | INSTRUMENTOS: Escal de observación (50%)<br>Producións musicais. (50%) | |
| EM-B2.4 | 2º-EMB2.4.4 - Elixe e combina ostinatos rítmicos e efectos sonoros para o acompañamento de recitacións, cancións e pezas instrumentais, con identificación da súa grafía.<br><br>Peso: 3% | Emprega instrumentos para sonorizacións e acompañamentos. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo. | CCEC<br>CAA |
| EM-B2.4 | 2º-EMB2.4.5 - Elixe e combina sons vocais, obxectos e instrumentos para a sonorización de situacións, relatos | Realiza exploración e pequenas sonorizacións de forma dirixida. | X | X | | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Escala de observación. | CCEC<br>CAA |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | breves e imaxes, con identificación da súa grafía.<br><br>Peso: 2% | | | | | | |
| **Bloque 3: A música o movemento e a danza** | | | | | | | |
| EM-B3.1 | 2º-EMB3.1.1 - Realiza pequenas coreografías en grupo, adecuando o movemento corporal coa música.<br><br>Peso: 4% | Realiza pequenas coreografías en grupo, adecuando o movemento corporal coa música. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Escala de observación. | CCEC<br>CSC |
| EM-B3.1 | 2º-EMB3.1.2 - Interactúa adecuadamente cos compañeiros e coas compañeiras, amosando interese e respectando as normas | Respecta as quendas de participación nas actividades grupais | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo (50%). Rexistro anecdótico (anecdotario).(50%) | CSC |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | e as intervencións das demais persoas.<br><br>Peso: 4% | | | | | | |
| EM-B3.2 | 2º-EMB3.2.1 - Responde co seu corpo a estímulos sonoros.<br><br>Peso: 3% | Responde co seu corpo a estímulos sonoros | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo. | CCEC |
| EM-B3.2 | 2º-EMB3.2.2 - Coordina extremidades superiores e inferiores nos desprazamentos coa música.<br><br>Peso: 3% | Coordina extremidades superiores e inferiores nos desprazamentos coa música | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Escala de observación. | CCEC |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | | |
| EM-B3.2 | 2º-EMB3.2.3 - Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións.<br><br>Peso: 3% | Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións. | | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo. | CCEC |

* Indícase entre paréntese a porcentaxe de ponderación de cada instrumento de avaliación, no caso de haber máis dun, de cara a obter a cualificación final.

| TEMPORALIZACIÓN, PONDERACIÓN E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DOS ESTÁNDARES DO CURS20 | | | |
|---|---|---|---|
| **CURSO** | 2022/2023 | | |
| **NIVEL** | 4º PRIMARIA | **ÁREA** | Educación Musical (EM) |

| **Criterio de avaliación** | **Estándares** | **Grao mínimo para superar a área** | **T 1** | **T 2** | **T 3** | **CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN**<br>**Instrumentos de avaliación /** | **C.C.** |
|---|---|---|---|---|---|---|---|

| | | Indicador mínimo de logro | | | | **Procedementos de avaliación (%)*** | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Bloque 1: Escoita** | | | | | | | |
| EM-B1.1 | 4º-EMB1.1.1 - Expresa as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical.<br><br>Peso: 3% | Expresa as súas opinións sobre as experiencias musicais. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Asamblea. | CCL<br>CCEC |
| EM-B1.1 | 4º-EMB1.1.2 - Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical.<br><br>Peso: 3% | Manifesta a súa opinión sobre as audicións propostas. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Asamblea. | CCL<br>CCEC |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| EM-B1.1 | 4º-EMB1.1.3 - Coñece, entende e respecta as normas de comportamento en audicións e representacións musicais.<br><br>Peso: 6% | Coñece, entende e respecta as normas de comportamento en audicións e representacións musicais. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo (20%). Rexistro anecdótico (anecdotario). (80%). | CSC |
| EM-B1.1 | 4º-EMB1.1.4 - Identifica e valora as manifestacións artísticas propias de Galicia.<br><br>Peso: 3% | Identifica e valora as manifestacións artísticas propias de Galicia dentro das traballadas na aula. | | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo. | CCEC<br>CAA |
| EM-B1.2 | 4º-EMB1.2.1 - Describe e dá información salientable sobre elementos da linguaxe musical presentes nas | Coñece os elementos da linguaxe musical traballados para a correcta realización das actividades | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. | CCL<br>CCEC |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | manifestacións musicais e nos sons do contexto.<br><br>Peso: 4% | | | | | INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo. | |
| EM-B1.3 | 4º-EMB1.3.1 - Distingue e clasifica tipos de voces e instrumentos, e agrupacións instrumentais ou vocais.<br><br>Peso: 4% | Clasifica instrumentos en familias e voces traballadas na aula. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo. | CAA<br>CCEC |
| EM-B1.3 | 4º-EMB1.3.2 - Identifica e describe variacións e contrastes de velocidade e intensidade tras a escoita de obras musicais. | Diferencia as variacións elementais  e gradadas de tempo e intensidade nas actividades realizadas. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo. | CCL<br>CCEC |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Peso: 3% | | | | | | |
| EM-B1.3 | 4º-EMB1.3.3 - Identifica, clasifica e completa os compases traballados.<br><br>Peso: 3% | Identifica, clasifica e completa os compases traballados | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as . Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Producións musicais (80%). . Lista de control/cotexo (20%). | CCEC<br>CMCT |
| EM-B1.4 | 4º-EMB1.4.1 - Identifica de xeito visual e auditivo os instrumentos.<br><br>Peso: 4% | Identifica de xeito visual e auditivo os instrumentos. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo. | CAA<br>CCEC |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| EM-B1.4 | 4º-EMB1.4.2 - Clasifica os instrumentos por familias: vento, corda e percusión.<br><br>Peso: 4% | Clasifica os instrumentos por familias: vento, corda e percusión | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo. | CAA<br>CCEC |
| EM-B1.4 | 4º-EMB1.4.3 - Procura información, organízaa e preséntaa sobre a música e os instrumentos doutras culturas.<br><br>Peso: 3% | Interésase sobre a música doutras culturas. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Investigacións. | CCEC<br>CAA<br>CSIEE CD |
| EM-B1.5 | 4º-EMB1.5.1 - Establece unha relación entre o que escoita e represéntao nun musicograma ou nunha partitura sinxela. | Elabora seguementos de pezas musicais de forma sinxela e con simboloxía non convencional. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo. | CAA<br>CCEC |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Peso: 3% | | | | | | |
| EM-B1.5 | 4º-EMB1.5.2 - Identifica as partes dunha peza musical sinxela e representa graficamente a súa estrutura.<br><br>Peso: 4% | Elabora seguementos de pezas musicais de forma sinxela e con simboloxía non convencional. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as . Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Producións musicais (20%). . Lista de control/cotexo(80%). | CAA<br>CCEC |
| EM-B1.5 | 4º-EMB1.5.3 - Representa graficamente, con linguaxe musical convencional ou non, os trazos característicos da música escoitada. | Representa graficamente trazos elementais de música escoitada. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Producións musicais. | CAA<br>CCEC |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Peso: 3% | | | | | | |
| EM-B1.5 | 4º-EMB1.5.4 - Utiliza aplicacións informáticas para representar ou realizar tarefas de análise e produción musical.<br><br>Peso: 2% | Utiliza de modo elemental aplicacións informáticas para actividades musicais. | | | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo. | CCEC CD |
| **Bloque 2: Interpretación musical** | | | | | | | |
| EM-B2.1 | 4º-EMB2.1.1 - Coñece e utiliza a linguaxe musical para a interpretación de obras.<br><br>Peso: 4% | Emprega os elementos musicais traballados para interpretación de obras sinxelas. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Escala de observación. | CCEC CAA |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
